

O FENÓMENO DA EMIGRACIÓN DA GALIZA A AMÉRICA (1870-1930) AUSENCIAS E PRESENZAS NOS MANUAIS ESCOLARES DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. NOTAS PRELIMINARES PARA UN ESTUDO

XOSÉ M. MALHEIRO GUTIÉRREZ*

O FENÓMENO DA EMIGRACIÓN A AMÉRICA NO CONTEXTO EUROPEO

A emigración a América foi un fenómeno xeneralizado e compartido pola poboación europea desde o chamado descubrimento do Novo Mundo. Un fenómeno que experimentou diversas fases e se orientou cara a diferentes destinos¹ e se mantén de xeito permanente, desde entón e ata os nosos días, se incluímos os fluxos migratorios actuais, nomeadamente nos países do sul da Unión, produto da última crise económica que arranca en 2008.

Atendendo ao período de maior afluencia, perto de 40 millóns de europeos migraron a América entre 1850 e 1920. Se situamos a data extrema en 1930, esa cifra elevaríase ata os 50 millóns. Soamente nas tres últimas décadas do século XIX, embarcaron nos portos do continente 20 millóns de persoas, que correspondían ao 40% do crecemento anual da súa poboación nese período. O pico foi acadado entre 1909 e 1914, cando embarcou millón e medio de migrantes².

Na primeira fase deste movemento (1815-1850) predomina o continxente procedente da Gran Bretaña e serán os Estados Unidos o destino prioritario³. O ano

* Universidade da Coruña. jose.malheirog@udc.gal.

¹ BARDET & DUPAQUIER, 1999: 464.

² ARRUDA, 2007: 29.

³ ARRUDA, 2007: 30.

de 1851 foi o que acusou unha meirande actividade migratoria, ao computarse en 250.000 as persoas que saíron por causas relacionadas coa fame.

A segunda fase, coñecida como a nova emigración (1880-1914) explicase pola depresión económica europea a partir de 1873. Nesta fase, 20 millóns de europeos embarcaron cara América nun ritmo que superou a cifra de 1 millón en 1900, e 2 millóns, en 1913. Redúcese a presenza anglosaxoa a favor de latinos e eslavos, con destaque de italianos, españois (de entre eles, maioritariamente galegos) e portugueses —de entre eles maioritariamente *minhotos*—, ademais de rusos, polacos, romaneses, armenios e austro-húngaros⁴.

CAUSAS, CIFRAS E DESTINOS

Referido á Galiza⁵, o fluxo migrante acada a condición de «masivo» entre o derradeiro terzo do século XIX e primeiro do XX. Pero pódese afirmar que a persistencia do fenómeno migratorio durante máis de dous séculos ten como causa a disolución da sociedade agraria tradicional e a súa adaptación e paulatina integración na economía capitalista. O que deu lugar a un proceso de meirande lentitude que noutras partes da península debido a factores de orixe económica que, conxugados cos demográficos, fixo que a poboación galega tivera que buscar fóra os medios de subsistencia que a terra non lle podía proporcionar.

Existen outros factores conxunturais que tamén inflúen no éxodo, relacionados coa mellora das condicións de saída e a modernización dos medios de transporte, o que permite a multiplicación da tonelaxe dos buques, a concentración dos embarques nos portos mellor dotados; e a rapidez e conseguinte redución no tempo de periplo, nas distancias reais entre ambas beiras do Atlántico e o custo das pasaxes, o que fará máis atractivo e accesíbel o embarque⁶. Con respecto ás cifras do movemento migratorio galego cara América, a Galiza ocupa perto do 40% do fluxo migratorio español a América entre 1860 e 1936 (véxase Táboa 1). En segundo lugar, os períodos nos que o transvase é máis intenso (derradeiro terzo do século XIX) a corrente migratoria toma proporcións verdadeiramente masivas, prolongándose ata finais dos anos trinta. Máis concretamente, e como se pode apreciar na Táboa 1, o cénit sitúase no arranque do século XX e se estende ata comezos dos anos 20.

⁴ ARRUDA, 2007: 31.

⁵ Galicia é unha rexión integrada no Estado español, situada no noroeste peninsular, marcada na súa historia por unha alta densidade sociolóxica rural e mariñeira. Posúe uns marcados sinais de identidade ao conformar unha unidade xeográfica, histórica, cultural e lingüística que lle dá carácter de nacionalidade. Galicia, Euskadi e Cataluña forman as denominadas Comunidades Autónomas históricas dentro da organización política actual do territorio español. Ademais, a emigración constitúe unha das súas características máis singulares. As taxas migratorias de Galicia son, desde a Idade Moderna, comparativamente altas dentro do contexto europeo, con dimensións similares ás de Irlanda e Italia meridional nos momentos de maior peso das migracións transoceánicas masivas.

⁶ VÁZQUEZ GONZÁLEZ, 1993: 33-34; EIRAS ROEL & REY CASTELAO, 1992: 253.

Táboa 1. Evolución da emigración galega. Fases

Períodos	España	Galicia	%
1861-1880	315.066	122.875	38,9
1881-1900	890.803	337.014	37,8
1901-1920	2.259.832	860.995	38,09
1921-1936	901.053	336.543	37,3

Fonte: Elaboración propia a partir de RODRÍGUEZ GALDO, 1995: 103

Con respecto aos destinos, por diante da Arxentina e do Uruguai, a illa de Cuba é o destino principal, segundo datos do *Anuario Estadístico* de 1860-61, elaborado a partir do número de pasaportes entregados a persoas que saíron de España, publicado en 1862⁷. Unha situación que comezará a mudar no inicios do século XX, observándose un incremento nos países do Cono Sul ata chegar a ser o destino prioritario «y sobre todo desde 1904, pasando a ocupar netamente el primer puesto en la emigración gallega y española»⁸, ata se converter na chamada «quinta provincia galega»⁹.

CARACTERÍSTICAS DA GALIZA NO ESCENARIO DUN INTENSO FLUXO MIGRATORIO FINISECULAR

Un primeiro momento de carácter peninsular dará paso a unha emigración transoceánica, acadando a cifra de 860.995 no período comprendido entre 1901-1920. En segundo lugar, predomina a emigración exterior sobre os movementos intrapeninsulares, e a transoceánica sobre calquera outra. En terceiro lugar, está presente o fenómeno da migración clandestina, situación que obrigaba a moitas familias humildes, nomeadamente campesiños e artesáns, a optar pola compra dunha pasaxe que protexese aos seus fillos nun destino seguro, aínda que fose lonxe da terra. En cuarto lugar, unha migración caracterizada como individual, masculina e temporal nun primeiro momento, dá paso a outra máis familiar e permanente.

Ademais, a migración galega xerou un vizoso movemento asociativo de identidade étnica, común entre as comunidades migrantes europeas, para responder fundamentalmente a obxectivos mutualistas e recrear espazos comunitarios de identidade étnica. No caso galego, observouse unha extraordinaria actividade societaria, chegando a computarse perto de 500 asociacións ata finais dos anos 30 do

⁷ RODRÍGUEZ GALDO, 1995: 85.

⁸ EIRAS ROEL & REY CASTELAO, 1992: 257.

⁹ Denominación acuñada e xeneralizada tanto na Galiza como na Arxentina para referirse á diáspora galega naquel país, aludindo á súa extraordinaria dimensión poboacional.

século XX¹⁰, destinadas a estes fins¹¹. Ademais, con certa singularidade respecto ao resto de comunidades migrantes, tiñan como fin a alfabetización nas súas respectivas freguesías e concellos¹².

CONSECUENCIAS DO FENOMENO MIGRATORIO

O relato das consecuencias é o resultado dunha combinación de factores positivos e negativos, non sempre unánimes. En primeiro lugar, salienta a detracción progresiva de continxentes humanos e a perda de peso específico dentro do conxunto do estado. Ao que hai que sumar a ralentización e o factor de desequilibrio que produce o carácter selectivo da propia emigración. Neste sentido, a procedencia rural e o alto índice de masculinidade, sitúanse nas marxes de idade potencialmente máis produtivas. Como consecuencia, aparece unha alteración na distribución por sexos e idades, na redución do potencial humano nos espazos rurais, e na caída dos índices de nupcialidade, e polo tanto, tamén, de natalidade¹³.

Pero non todo foi negativo. A emigración contribuíu a aliviar a excesiva presión demográfica e significou un relativo desafogo para unha poboación en constante desaxuste cos medios dispoñibles. As remesas serviron para modernizar a estrutura agraria e aliviar unha economía ategada de urxencias, necesidades e privacións; tamén contribuíron ao despegue industrial galego mediante iniciativas no sector conserveiro, metalúrxico e da construción naval, ao establecemento dunha tupida rede bancaria e revitalizou o comercio marítimo e as comunicacións co continente americano¹⁴. Ademais, o capital *americano* contribuíu á implantación de obras de carácter social, e colaborou na mellora do sistema escolar do ensino primario mediante a creación de numerosas escolas, locais sindicais, bibliotecas e centros culturais¹⁵; colaborou na financiación de xornais agraristas e asociacións agrarias, exercendo un importante papel na mobilización política do agro galego¹⁶, e apoiou numerosas iniciativas culturais como a edición de obras de contido literario, histórico e sociopolítico¹⁷, a promoción de innumerables publicacións periódicas, tanto en galego como en castelán; o sostemento da Academia Galega, a formación de líderes, ou a acollida de exiliados trala guerra civil. Iniciativas enmarcadas no que o profesor Barreiro

¹⁰ A este respecto, e particularmente referido á sociabilidade galaica, véxanse os traballos de NÚÑEZ SEIXAS, 1999: 349-384; NÚÑEZ SEIXAS, 2001: 191-224.

¹¹ MALHEIRO GUTIÉRREZ, 2013.

¹² COSTA RICO, 2008.

¹³ LÓPEZ TABOADA, 1996.

¹⁴ CARMONA BADÍA, 1984: 46.

¹⁵ COSTA RICO, 2008; MALHEIRO GUTIÉRREZ, 2002.

¹⁶ VILLARES, 1996: 57

¹⁷ ALONSO MONTERO, 1995: 59-86.

Fernández define como «o reencontro de Galicia nunha dimensión ata o momento ignorada: a dimensión cultural e política»¹⁸.

Con respecto ás consecuencias psico-sociais, a emigración comporta, para os que se ausentan, a rotura co contorno próximo e a desintegración do seu medio de convivencia. Para os que quedan, deixa fondas secuelas tamén no terreo psico-social relacionados coa adopción do matriarcado forzoso, alteracións no reparto de roles e trastornos nos mecanismos de identificación do modelo paterno. Aspectos positivos e negativos para un balance que nunca vai ofrecer un saldo unánime, ao depender sempre da óptica desde a que se analicen.

O FENÓMENO DA EMIGRACIÓN A AMÉRICA NOS MANUAIS ESCOLARES

Os libros de texto referidos ao ámbito escolar continúan a ser o recurso máis utilizado na súa praxe por estudantes e profesores. A principal función, vinculada a unha cultura escolar de orde tradicional, ten consistido basicamente en organizar os coñecementos requiridos para a ensinanza dunha determinada disciplina. Pero poden considerarse algunhas outras, por exemplo, como apoio ao alumnado en actividades que potencian as súas habilidades procedementais e socio-afectivas ao axudar a desenvolver destrezas na lectura, na comprensión, na asimilación, na organización ou na exposición de contidos socialmente relevantes¹⁹.

Os manuais escolares teñen observado unha notábel evolución, e, malia o seu papel prescriptivo e en certo modo reduccionista ao seren «considerados por moitos como un organizador das actividades e conteúdos que o profesor debe lecionar», os manuais poden funcionar tamén como medio de formación sobre innovacións pedagóxicas, científicas e historiográficas ao servizo do profesorado²⁰.

François-Marie Gérard e Xavier Roegiers salientan a súa relevancia na transmisión de coñecementos, no desenvolvemento de capacidades e de competencias, na consolidación das adquisicións e aprendizaxes, na avaliación desas adquisicións ou na formación dunha determinada «educación social e cultural» do alumnado²¹. Este último aspecto é o que máis nos interesa resaltar para o obxectivo do noso traballo. Porque, sumado ao seu papel estritamente funcional como vehículos curriculares das disciplinas académicas, nun substrato semántico máis profundo, os manuais escolares adoitan reflectir —aínda que tamén, con certa frecuencia, «modelar»— os imaxinarios sociais da comunidade onde se implantan, segundo os contidos que se transmiten referidos a unha temática determinada. Por iso, non só facilitan o labor

¹⁸ BARREIRO FERNÁNDEZ, 1984: 51.

¹⁹ SOMOZA RODRÍGUEZ, 2009: 44.

²⁰ TORMENTA, 1996.

²¹ GÉRARD & ROEGIERS, 1998: 87.

formativo no eido intelectual ou funcional, senón que se poden converter en artefactos cunha importante carga simbólica, ao seren capaces de transmitir e lexitimar determinados valores ideolóxicos ou difundir elementos culturais específicos²².

Nese substrato semántico, mediante un tratamento adecuado dos seus contidos, os libros de texto deben colaborar a conformar comunidades vivas, democráticas, de búsqueda intelectual proporcionando, entre o noso alumnado, ocasións para o diálogo e a aprendizaxe compartida ou a deliberación social, xa que tamén representan «um recurso didático que ajuda a resolver a diversidade cultural e os desequilíbrios formativos de moitos jovens»²³. Así mesmo, e xa concretamente como ferramenta pedagóxica destinada a facilitar a aprendizaxe da Historia, os manuais deben axudar a testificar e a poñer en valor todo feito do pasado que teña relevancia para unha determinada comunidade²⁴.

Son as fontes documentais que, posiblemente, maior cantidade de información poden achegarnos se as interrogamos e analizamos de modo adecuado e intentamos explorar o contexto no que foron elaborados os indicios ou pistas que acostuman subministrar. Non só para intentar reconstruír o seu uso escolar no pasado, senón ademais para formular pautas de traballo no futuro respecto das súas lagoas, deficiencias ou incoherencias²⁵. Aspecto no que coincide o profesor Agustín Escolano ao afirmar que os libros escolares son fontes imprescindibles para aproximarnos ao coñecemento empírico dalgúns dos «silencios» da historia da educación tradicional²⁶. Cómpre, por tanto, un labor de revisión que permita actualizar aqueles contidos ou aspectos susceptibles de seren incorporados, total ou parcialmente, ao conxunto dos textos.

Nese labor de revisión fundaméntase o obxecto deste traballo: unha investigación que nos permita comprobar, entre outros aspectos, presenzas e ausencias relacionadas co fenómeno da emigración a América nos manuais escolares; o modo en que este se presenta ao alumnado nos diferentes niveis e os aspectos que se tratan á hora de abordar este feito histórico. Pois como tan explicitamente ten referido o profesor Escolano, os manuais escolares, ademais de coñecer aspectos fundamentais da historia da educación en xeral, descubrir as teorías pedagóxicas, imaxinarios e correntes ideolóxicas que pretenden impoñerse no sistema educativo en cada momento, tamén nos permiten identificar presenzas ou ausencias no tratamento de determinados contidos, que poden revelar lagoas dentro do propio currículo²⁷.

²² CHOPPIN, 2001: 210.

²³ SOLE, 2017: 92.

²⁴ CHOPPIN, 2001.

²⁵ VALLS MONTÉS, 2007: 204.

²⁶ ESCOLANO BENITO, 2001: 37.

²⁷ ESCOLANO BENITO, 2006.

Como vimos de expoñer sucintamente, o fenómeno da emigración galega a América, como feito colectivo e continuado no tempo, ten deixado trazos profundos en diversos eidos da súa historia contemporánea. Pero, cabe preguntarse: é un feito suficientemente coñecido, máis alá do ámbito familiar, entre os e as escolares galegos? Ten presenza pertinente na lexislación referida ao ensino secundario? A súa transcendencia histórica garda relación coa súa presenza no sistema educativo e co que o alumnado debe saber e coñecer sobre este feito, máis alá do relato oral informal no contorno familiar? Existe un tratamento adecuado do fenómeno migratorio no currículo de Historia nos diferentes cursos do ensino secundario? Existe correlación entre o estudo das migracións pasadas e as actuais nos seus paralelismos e diferenzas?

Son preguntas que trataremos de responder mediante a elaboración de un estudo que permita:

- Revisar a lexislación máis recente (Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación e Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad Educativa), referida aos contidos curriculares para a materia de Historia presente nos distintos niveis do Ensino Secundario do sistema educativo español, no que o goberno da Galiza ten transferidas as competencias atendendo á Táboa adxunta 3;
- Analizar os manuais escolares das editoriais con maior presenza, editados nos últimos anos, segundo Táboas adxuntas 4 e 5.

METODOLOXÍA

O tipo de análise que utilizamos, xeralmente adoptado noutros traballos desta natureza, vai ser o cualitativo, baseado na revisión da lexislación escolar vixente e na análise de contido, substentada na lectura sistemática dos manuais citados para comprobar a relación existente entre a fenómeno migratorio a América como feito histórico de gran relevancia, a súa presenza e, de ser o caso, o tratamento que recibe nos manuais seleccionados.

Por último, dedicaremos un breve apartado aos recursos educativos de carácter tecnolóxico que poidan existir, elaborados para o tratamento deste feito histórico.

COÑECER E ESTUDAR O PASADO PARA ENTENDER O PRESENTE: O FENÓMENO MIGRATORIO, UN ACONTECEMENTO HISTÓRICO RELEVANTE

Segundo acabamos de expoñer, o fenómeno da emigración a América deixou unha intensa pegada nas respectivas historias recentes da Galiza e do Norte de Portugal, e ten influído de xeito transversal en todos os elementos que hoxe conforman a súas sociedades, condicionando aspectos tan relevantes como a demografía, a economía, a política ou a cultura.

Grazas á política de acollida nos países de destino e ao esforzo e sacrificio colectivo dos galegos e galegas que optaron pola vía migratoria, operouse unha visíbel transformación en positivo na sociedade de orixe, polo efecto das remesas enviadas, tanto no eido material como inmaterial. Por ese motivo, este feito histórico, que moveu un continxente próximo aos dous millóns de individuos entre 1860 e 1930, debe ter un tratamento adecuado dentro do currículo do ensino secundario do seu sistema educativo, co obxecto de que poida ser coñecido e valorado na súa xusta dimensión e complexidade.

A reconstrución histórica e os historiadores debemos estar ao servizo da comunidade na que vivimos e da que nos sentimos parte. En consecuencia con esa postura, pensamos que se debe dar relevancia a aqueles temas do noso pasado que fan posíbel unha mellor comprensión do presente²⁸. Máis concretamente, a reconstrución histórica que se leva a cabo nos centros de ensino ten que servir para explicar problemas actuais e poder apartar aqueles prexuízos que moitas persoas e colectivos sociais poden padecer e que precisan do auxilio da historia para explicalos e, en consecuencia, desterralos²⁹. Neste sentido, a institución escolar desempeña un papel clave na incorporación de valores e de condutas das persoas que interactúan e conviven nela. É aquí onde se deben sentar as bases para dotar ás novas xeracións de actitudes críticas, de respecto, de tolerancia e de solidariedade cara os problemas e interrogantes que formula o presente, a fin de axudar a construír un futuro mellor.

Tradicionalmente, o fenómeno migratorio veuse tratando ligado aos movementos poboacionais con vinculación directa a aspectos demográficos, como a fecundidade ou a mortalidade. Pero e necesario darlle un tratamento formativo e curricular diferenciado e centralo nun debate que o achegue a unha nova dimensión historiográfica: a emigración masiva a América debe ser estudada no seu contexto histórico, onde se integre nun sistema de causas económicas e políticas, e de consecuencias tamén de orde económica, política e cultural, integradas nunha perspectiva transversal.

Como xa tivemos ocasión de expoñer noutros traballos, os movementos migratorios actuais teñen constituído todo un reto para as principais institucións das sociedades de acollida, entre as que se atopa o sistema educativo, principalmente no referido aos esforzos destinados á integración e participación dos mozos e mozas inmigrantes³⁰. Con todo, diversos estudos sobre a súa participación na escola tanto en Europa como no resto do mundo, resaltan a imperiosa necesidade de implementar novas estratexias e técnicas que permitan acadar maiores cotas de equidade e de integración no noso contexto³¹. Tamén, como sinala Godás Otero, porque a escola axuda

²⁸ RUÍZ BERRIO, 1997: 144.

²⁹ TORRES SANTOMÉ, 2002: 14.

³⁰ SANTIBÁÑEZ GRUBER & MAIZTEGUI OÑATE, 2006: 200.

³¹ EUMC, 2004; EURYDICE, 2004; OCDE, 2006; OCDE/UNESCO, 2003.

a interiorizar coñecementos, a manexar claves culturais e a adquirir competencias e dominios. E faino presionando positivamente aos individuos que queren integrarse buscando mellor acomodo e benestar no novo destino³².

Pero ademais, para os nosos e as nosas escolares nativos, o estudo do seu pasado como pobo inmigrante, baixo unha nova perspectiva integradora que transcenda o tratamento meramente estatístico, proporcionaralles unha visión máis ampla e panorámica e facilitará a comprensión do presente, inserido nunha problemática global de fluxos poboacionais á que debemos dar resposta desde unha mentalidade acolledora, tolerante e solidaria.

E aplicando a reflexión do profesor Torres ao traballo que presentamos, o coñecemento da nosa condición de migrantes no pasado recente, axudará a valorarnos máis como sociedade sendo protagonistas dese episodio histórico; pero ademais, axudará a entender mellor o presente do mundo en que vivimos. Un mundo no que teremos que convivir, de xeito progresivo, coa presenza de seres humanos que abandonan os seus fogares e deixan os seus países, ben sexa por causas económicas ou políticas. Estudando e coñecendo a nosa tradición migratoria estaremos en disposición de entender dita problemática, de adoptar unha nova visión sobre cuestións humanitarias de carácter inter ou multicultural, de mellorar a nosa percepción sobre este fenómeno e de xerar actitudes empáticas e solidarias que axuden a cambiar mentalidades e a crear unha sociedade mellor.

Como xa temos expresado en traballos anteriores³³, a inmigración, máis que un problema, significa hoxe unha oportunidade para todos. É necesario aprender do pasado e revisar as nosas actitudes para entender o presente, o que esixe desde o poder político e as administracións; desde a rúa e os medios de comunicación, pero especialmente desde a escola, outras respostas que se fundamenten no aprendido, no experimentado como emigrantes, para poder atender un panorama cada día máis complexo, onde agora nos toca actuar solidariamente desde a outra beira.

³² *Apud* SANTOS REGO, 2009.

³³ MALHEIRO GUTIÉRREZ, 2012: 174.

Táboa 2. Galiza. Sistema educativo

Idade	Galiza		Curso
1	Ensino Infantil	1.º Ciclo	1.º
2			2.º
3			3.º
4		2.º Ciclo	1.º
5			2.º
6			3.º
7	Ensino Primario	1.º Ciclo	1.º
8			2.º
9			3.º
10		2.º Ciclo	4.º
11			5.º
12			6.º
13	ESO	1.º Ciclo	1.º
14			2.º
15		3.º	
16		2.º ciclo	4.º

Fonte: Elaboración propia

Táboa 3. Editoriais Galiza

Manuais edición Galiza ³⁴	1.º ESO (X e H)		2.º ESO (X e H)		3.º ESO (X e H)		4.º ESO (Historia)	
	Editorial Anaya	2007	2015	2007	2015	2007	2015	2007
Consorcio Edit. Galego								
Edicións Xerais de Galicia								
Editorial Rodeira-EDEBE								
Editorial Santillana								
Xerme - SM								

Fonte: Elaboración propia

³⁴ Anaya, Xerais, Rodeira y Santillana atópanse entre as editoriais con maior presenza no mercado editorial de libros de texto en galego. Consorcio é unha empresa de capital galego que aglutina varias editoriais de ámbito autonómico, como A Nosa Terra (extinta), Baía o Sotelo Blanco.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, Xesús (1995) — *Lingua e Literatura galegas na Galicia emigrante*. Santiago: Xunta de Galicia.
- ARRUDA, José Jobson (2007) — *A expansão europeia oitocentista: emigração e colonização*. «População e sociedade», n.º 14/15, vol. I, p. 13-40.
- BARDET, Jean-Pierre; DUPÂQUIER, Jacques (1999) — *Histoire des populations de l'Europe: Les temps incertains, 1914-1998*. Paris: Fayard, vol. III, p. 463-484.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1984) — *Los gallegos de América y la recuperación política de Galicia*. «Los Cuadernos del Norte», n.º 2, p. 50-54.
- BEIRAS TORRADO, Xosé Manuel (1981) — *O atraso económico de Galicia*. 2.ª ed. Vigo: Editorial Galaxia.
- CARMONA BADÍA, Xoán (1984) — *Los indios y la cuestión industrial en la Galicia del XI*. «Los Cuadernos del Norte», n.º 2, p. 45-49.
- CHOPPIN, Alain (2001) — *Pasado y presente de los manuales escolares*. Tradución de Miriam Soto Lucas. «Revista Educación y Pedagogía», vol. XIII, n.º 29-30, p. 209-229.
- COSTA RICO, Antón (2008) — *Emigrantes, escuelas y regeneración social. Los emigrantes gallegos a América y el impulso a la educación (1879-1936)*. «Revista Brasileira de História da Educação», n.º 16, p. 13-45.
- DÍAZ, José María, coords. — *La memoria y el deseo. Cultura de la escuela y educación deseada*. Valencia: Tirant lo Blanch, p. 431-454.
- EIRAS ROEL, Antonio; REY CASTELAO, Ofelia (1992) — *Los gallegos y América*. Madrid: Editorial Mapfre.
- EURIDYCE (2004) — *Integrating immigrant children into Schools in Europe*. Brussels: Directorate-General for Education and Culture.
- ESCOLANO BENITO, Agustín (2001) — *El libro escolar, un espacio de memoria*. In OSSENBACH, Gabriela; SOMOZA, Miguel — *Los manuales escolares como fuente para la Historia de la Educación en América Latina*. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia, p. 35-46.
- (2006) — *La modernización de la manualística escolar*. In ESCOLANO BENITO, Agustín, coord. — *Historia Ilustrada de la escuela en España: dos siglos de perspectiva histórica*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, p. 449-470.
- EUMC (European Monitoring Center on Racism and Xenophobia), ed. (2004) — *Migrants, minorities and Education. Documenting discrimination and integration in 15 members states of the European Union*. Vienna: EUMC.
- GÉRARD, François-Marie; ROEGIERS, Xavier (1998) — *Conceber e avaliar manuais escolares*. Porto: Porto Editora.
- LÓPEZ TABOADA, José A. (1996) — *La población de Galicia, 1860-1991. Crecimiento, movimiento natural y estructura de la población*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel (2002) — *Legado sociocultural da emigración galega*. Santiago: Xunta de Galicia.
- (2012) — *El fenómeno migratorio en Galicia: del obrero emigrante al ciudadano acogedor... ¿Lecciones aprendidas?* «Migraciones. Revista del Instituto Universitario de Estudios sobre Migraciones», n.º 31, p. 155-178.
- (2013) — *Do 'governar es poblar' ao 'educar es argentinizar': Emigrantes e educación na Arxentina finisecular*. «Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación», n.º 17, p. 161-184.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1999) — *A parroquia de Alén Mar: Algunhas notas sobre o asociacionismo local galego en Bos Aires (1904-1936)*. «Semata. Ciencias Sociais e Humanidades», n.º 11, p. 349-384.

- (2001) — *Gaitas y tangos: las fiestas de los inmigrantes gallegos en Buenos Aires (1890-1930)*. «Ayer», n.º 43, p. 191-224.
- OCDE (2006) — *Where immigrant students succeed. A comparative review of performance and engagement in PISA 2003*. Paris: OCDE. Disponible en <www.oecd.org/dataoecd/2/38/36664934.pdf>.
- OCDE/UNESCO (2003) — *Literacy skills for the world of tomorrow. Further results from PISA 2000*. Paris: OCDE/UNESCO.
- REY CASTELAO, Ofelia; TURNES MEJUTO, Ricardo (1989) — *La emigración a América en la cuenca media del Ulla: un ejemplo de análisis comarcal*. «Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario», n.º 4, p. 177-182.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.ª Xosé (1995) — *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ao XX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- RUÍZ BERRIO, Julio (1997) — *El método histórico en la investigación histórico-educativa*. In DE GABRIEL, Narciso; VIÑAO FRAGO, Antonio, eds. — *La investigación histórico-educativa. Tendencias actuales*. Barcelona: Editorial Ronsel, p. 131-202.
- SANTIBÁÑEZ GRUBER, Rosa; MAIZTEGUI OÑATE, Concepción (2006) — *La escuela, puente de integración de jóvenes inmigrantes: animando al éxito*. In SANTIBÁÑEZ GRUBER, Rosa; AIZTEGUI OÑATE, Concepción, eds. — *Inmigración: miradas y reflejos. Historias, identidades y claves de intervención social*. Deusto: Universidad de Deusto, p. 199-218.
- SANTOS REGO, Miguel Anxo (2009) — *Políticas educativas y Compromiso Social, el progreso de la equidad y la calidad*. Barcelona: Editorial Octaedro.
- SOLE, Maria Glória (2017) — *A história nos manuais escolares do ensino primário em Portugal: representações sociais e a construção de identidade(s)*. «Historia y Memoria de la Educación», n.º 6, p. 89-127.
- SOMOZA RODRÍGUEZ, Miguel (2009) — *Los Manuales Escolares en la Época Digital. De la Textualidad a la iconicidad*. In SPREGELBURD, Roberta Paula; LINARES, María Cristina, org. — *La lectura en los manuales escolares. Textos e imágenes*. Luján: Universidad Nacional de Luján, p. 31-46.
- TORMENTA, José Rafael (1996) — *Manuais escolares: Inovação ou tradição?* Lisboa: Instituto de Inovação Educacional.
- TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2002) — *A escola e a construción do futuro*. In ARMAS CASTRO, Xosé — *Ensinar historia de Galicia. Aspectos historiográficos e didácticos*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, p. 11-18.
- VALLS MONTÉS, Rafael (2007) — *Historiografía escolar española: siglos XIX-XXI*. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro (1993) — *As dimensións microsociais da emigración galega a América: a función das redes sociais informais*. In PEÑA SAAVEDRA, Vicente, coord. — *Galicia-América, Relación histórica e retos de futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, p. 33-34.
- VILLARES, Ramón (1996) — *Historia da emigración galega a América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.